

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA REALIZAR PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN E PARA CREAR GRUPOS DE INVESTIGACIÓN EN MATERIA DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO, NO MARCO DA AXENDA 2030, QUE EXECUTARÁN OS GRUPOS E CENTROS DE INVESTIGACIÓN DAS UNIVERSIDADES GALEGAS

Con data 28 de maio publicouse no DOG https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia/mostrarContenido.do?ruta=/srv/www/doga/Publicados/2019/20190528/Secciones1_gl.html&paginaCompleta=false&fecha=28/05/2019&compMenu=10102 e na páxina web de Cooperación Galega <https://cooperacion.xunta.gal/> as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para realizar proxectos de investigación e para crear grupos de investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento, no marco da Axenda 2030, que executarán os grupos e centros de investigación das universidades galegas, e a súa convocatoria para o ano 2019

OBXECTIVOS

A presente convocatoria establece as condicións para a concesión de subvencións, en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva (código de procedemento administrativo PR815A) para:

– Realizar proxectos de investigación que teñan como obxectivo a promoción do desenvolvemento humano e sustentable, consonte a axenda nacional e internacional de desenvolvemento e, en particular, aliñados cos ODS de Nacións Unidas.

É necesario que os proxectos sexan relevantes para a cooperación para o desenvolvemento e que o seu contido estea claramente relacionado con esta área, e non serán financiábles nesta convocatoria as colaboracións científicas sen esta dimensión.

– Crear grupos de investigación, unidisciplinares ou multidisciplinares, interuniversitarios ou non, no ámbito da cooperación para o desenvolvemento, que teñan como obxectivo principal a especialización na investigación en cooperación para o desenvolvemento, que consolide liñas de investigación nesta materia no SUG.

FORMA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E PRAZOS DE PRESENTACIÓN

A presentación de solicitudes realizarase pola Universidade por medios electrónicos a través do formulario normalizado que se atopa na Sede electrónica da Xunta de Galicia. Para iso, **as persoas interesadas terán que enviar a cittinfo@usc.es toda a documentación e información requirida na referida convocatoria antes do 21 de xuño ás 14:00 horas.**

MOI IMPORTANTE: Non se pode garantir pola USC a subida á sede electrónica da Xunta no prazo establecido na Convocatoría daquelas solicitudes e/ou documentación que se achegue polo/a investigador/a ao Servizo de Convocatorias e RRHH I+D despois do prazo interno establecido do 21 de xuño de 2019

CONSULTAS

Para consultar calquera dúbida sobre a convocatoria poderá poñerse en contacto:

Na Dirección Xeral de Relacións Exteriores coa Unión Europea

Por teléfono : 881 999 028

OIT: Extensións 16265, 16249

Indícanse a continuación algúns datos de interese necesarios para cumprimentar a solicitude.

CIF da USC Q 1518001-A

Representante legal..... Vicente Pérez Muñuzuri

Teléfono.....881811000 16201

Correo electrónico.....cittinfo@usc.es

Dirección:.....Edificio Cactus, Campus Vida

Código Postal.....15782 Santiago

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2019

A Vicerreitoría de Investigación e Innovación